

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 14 DE DECEMBRO DE 2017**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:05 horas do día 14 de decembro de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 12 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Santos Héctor Rodríguez
- Vocais:** D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda (agás os puntos 2 e 4a)
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 2, 4, 8, 9 e 10)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 4b, 4c, 8, 9 e 10)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta da sesión do 11 de decembro de 2017**

Apróbese a acta da sesión do 11 de decembro de 2017 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

2.- Apertura administrativa**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mediación e asesoramento en materia de seguros privados ao Concello de Vigo e os seus organismos autónomos (5.984-241)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. D. José Riesgo Boluda manifesta ter conflito de intereses con AON GIL Y CARVAJAL S.A. CORREDURÍA DE SEGUROS polo que non participa neste punto nin no punto 4a.

A continuación ábrese o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. AON GIL Y CARVAJAL S.A. CORREDURÍA DE SEGUROS
 2. ARTAI CORREDURÍA DE SEGUROS, S.A.
 3. WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.
 4. MARSH S.A. MEDIADORES DE SEGUROS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:30	Páxina 1 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA94E-C5DF28-CHB659-2E2RZT-1E9X2S-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto **Vigo Vertical de desenvolvemento urbano sustentable na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Pi Margall (4.860-440) (informe sobre B)**

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais, a enxeñeira industrial de Vías e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 12 de decembro de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marqués de Valterra. Fase II (4.838-440) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - FEDER Vigo Vertical, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e a enxeñeira industrial de Vías e Obras o 12 de decembro de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto **Vigo Vertical de desenvolvemento urbano sustentable na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Pi Margall (4.860-440)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, a enxeñeira industrial de Vías e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 12 de decembro de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marqués de Valterra. Fase II (4.838-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - FEDER Vigo Vertical, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e a enxeñeira industrial de Vías e Obras o 12 de decembro de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mediación e asesoramento en materia de seguros privados ao Concello de Vigo e os seus organismos autónomos (5.984-241)

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:30	Páxina 2 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA94E-C5DF28-CHB659-2E2RZT-1E9X2S-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

	Licitador	Porcentaxe de Corretaxe				Incremento das horas mínimas de formación (h/ano)
		Responsabilidade civil	Vida	Flota de vehículos	Outros	
1	AON GIL Y CARVAJAL S.A. CORREDURIA DE SEGUROS	5%	5%	5%	5%	44
2	ARTAI CORREDURIA DE SEGUROS, S.A.	1%	1%	1%	1%	24
3	WILLIS IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	1%	1%	1%	1%	24
4	MARSH SA MEDIADORES DE SEGUROS	1%	1%	1%	1%	24

O presidente e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asisten á apertura D^a. Iria Orro Martínez, con DNI 53.304.387-R, en representación de AON GIL Y CARVAJAL S.A. CORREDURIA DE SEGUROS; D. Javier Santodomingo, con DNI 53.173.566-G, en representación de B.U.C. ARTAI; D. Iago Merino Vidal, con DNI 36.148.042-T, en representación de WILLIS IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.; e D^a. Adoración García Navarro, con DNI 76.733.257-J, en representación de S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical de desenvolvemento urbano sustentable na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Pi Margall (4.860-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	Mantemento integral do “ascensor” (en trimestres)	Mantement o integral das zonas verdes (en trimestres)
1	CIVIS GLOBAL, S.L.	2.078.985,36 €	6	4
2	HIDROMIÑO, S.L.	2.040.376,83 €	6	4
3	UTE C.D. INDEPO, S.L.U. - DEMAIN	2.122.070,24 €	6	4
4	ORECO, S.A.	2.479.618,78 €	6	4
5	DRAGADOS, S.A.	2.541.728,15 €	6	4
6	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS,	2.383.000,00 €	6	4



	Licitador	Prezo	Mantemento integral do "ascensor" (en trimestres)	Mantement o integral das zonas verdes (en trimestres)
	COPASA			
7	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - ABECONSA, S.L.	2.319.309,46 €	6	4
8	MISTURAS, S.A.	2.172.429,16 €	6	4
9	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U.	2.136.898,15 €	6	4
10	COPCISA, S.A.	2.132.701,57 €	6	4
11	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	1.987.499,92 €	6	4
12	VÍAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	2.657.833,52 €	6	4
13	OGMIOS PROYECTO, S.L.	2.082.047,00 €	6	6
14	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	2.374.704,30 €	6	4
15	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - COPSESA	2.060.520,41 €	6	4
16	EXTRACO, S.A	2.192.013,01 €	6	4

O presidente e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asisten á apertura D. Rodrigo Feijoo Mosquera, con DNI34.985.089-L, en representación de DRAGADOS, S.A.; D^a. Adoración García Navarro, con DNI 76.733.257, en representación de S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA; D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.162.266-X, en representación da FEDERACIÓN GALEGA DA CONSTRUCCIÓN; e D^a. María Caride Rial, con DNI 39.456.736-Y, en representación de COPCISA, S.A.

Logo dun receso de 45 minutos, entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos do 14 de decembro de 2017, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días para xustificar as súas ofertas:

1. HIDROMIÑO, S.L.
2. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marqués de Valterra. Fase II (4.838-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:30	Páxina 4 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA94E-C5DF28-CHB659-2E2RZT-1E9X2S-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS S.A.	667.290,04 €
2	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL	636.364,41 €
3	C. D. INDEPO S. L.	751.877,33 €
4	CIVISGLOBAL, S.L.U.	765.728,39 €
5	ORECO S.A	742.643,29 €
6	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	652.480,73 €
7	ORESA SL	682.970,48 €
8	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	605.016,48 €
9	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.	648.996,18 €
10	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	667.812,72 €
11	HORDESCON, S.L.	654.484,34 €
12	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	676.698,31 €
13	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	650.041,55 €
14	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.-CONSTRUCTORA OBRAS PUBLICAS SAN EMETERIO SA	632.880,18 €
15	NAROM, SL	650.302,88 €

O presidente e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asiste á apertura D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.162.266-X, en representación da FEDERACIÓN GALEGA DA CONSTRUCCIÓN.

Logo dun receso de 45 minutos, entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos do 14 de decembro de 2017, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP co licitadores que se indica a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolle un prazo de tres días para xustificar a súa oferta:

1. MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.A.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical de desenvolvemento urbano sustentable na rúa Juan Ramón Jiménez,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:30	Páxina 5 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA94E-C5DF28-CHB659-2E2RZT-1E9X2S-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

entre Torrecedeira e Pi Margall (4.860-440)

Retírase da orde do día porque no punto 4b se iniciou o procedemento do artigo 152 do TRLCSP con dous licitadores por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marqués de Valterra. Fase II (4.838-440)

Retírase da orde do día porque no punto 4c se iniciou o procedemento do artigo 152 do TRLCSP cun licitador por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados.

11.- Propostas de adxudicación**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo (8.434-612)****LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo (8.434-612)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 23 de novembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 17 de novembro de 2017 polo que non se admitiu a CLAUDIO ABALO CARRERA por non declarar solvencia técnica suficiente para a prestación do obxecto deste contrato na declaración responsable incluída no sobre A “documentación persoal” e non tela emendado dentro do prazo concedido para o efecto.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo (8.434-612) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	DIEGO BALLESTEROS PEINADO	100,00



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, DIEGO BALLESTEROS PEINADO, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 995,92 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, DIEGO BALLESTEROS PEINADO, o día 24 de novembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 11 de decembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de decembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar DIEGO BALLESTEROS PEINADO, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por DIEGO BALLESTEROS PEINADO, de conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 20 de novembro de 2017.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:30	Páxina 7 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA94E-C5DF28-CHB659-2E2RZT-1E9X2S-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a DIEGO BALLESTEROS PEINADO, o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo (8.434-612) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 115.434,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 20.034,00 euros.*
- b) *Propón unha bolsa de horas anuais de prestación do servizo sen custo para o Concello de 100 horas/ano.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (90.514-210)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (90.514-210)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 23 de novembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo dos licitadores que deseguido se relacionan:

- Sesión do 14 de xullo de 2017:

1. *SABA (por infrinxir a súa oferta o disposto na cláusula 14.3.2 do PPT e non acadar o umbral mínimo de puntuación previsto no parágrafo final da cláusula 16.1.1 do PCAP)*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:30	Páxina 8 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA94E-C5DF28-CHB659-2E2RZT-1E9X2S-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- UTE GERTEK-ACCIONA (por non acadar o umbral mínimo de puntuación previsto no parágrafo final da cláusula 16.1.1 do PCAP)

- Sesión do 14 de novembro de 2017:

- UTE INGESER ATLÁNTICA, S.L. con ESTACIONAMIENTOS IBERPARK, S.A. e AUSSA, por canto nos Plans Económicos Financeiros parten de premisas, tales como a modificación do contrato para incrementar as prazas ou ampliar os horarios de prestación do servizo, que non dependen da súa vontade, e que de non producirse farían inviable a concesión nos termos plantexados polos licitadores.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (90.514-210) na seguinte orde descendente:

LICITADORES	PUNTUACIÓN
DORNIER, S.A.	91,10 puntos
SETEX APARKI, S.A.	84,26 puntos
UTE INDIGO&ESYCSA&API	66,46 puntos
ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A	66,34 puntos

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, DORNIER, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- A documentación esixida nas cláusulas 10 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.559,50 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, DORNIER, S.A., o día 27 de novembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 11 de decembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de decembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:30	Páxina 9 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA94E-C5DF28-CHB659-2E2RZT-1E9X2S-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar DORNIER, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por DORNIER, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 12 de xullo e 14 de novembro de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a DORNIER, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (90.514-210) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 23.405.231,94 euros.*
- b) Propón un 31% de redución do orzamento de gastos do servizo previsto no estudo económico financeiro do contrato.
- c) Propón como porcentaxe de retribución do concesionario sobre a fixada na cláusula 6 un 0%.
- d) Propón un 95% de redución dos importes de custo praza/día previstos no económico financeiro do contrato.
- e) Comprométese a adscribir á execución do contrato os seguintes vehículos sostibles:
 - Turismos e vehículos destinados ao transporte de persoas (1).
 - Vehículos destinados al transporte de mercancías (< 3.500 kg) (2).



**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



- Motocicletas (1).
- f) Compromete o subministro e instalación de 9 postes de recarga de vehículos eléctricos no primeiro ano do contrato e 18 máis o quinto ano (apartado 2.1.1, 2.1.1.1, 2.1.1.2, 2.1.1.3 da súa proposición avaliable mediante xuízo de valor), segundo se indica no informe asinado polo enxeñeiro técnico industrial e o xefe da Área de Seguridade e Mobilidade de data 8 de novembro de 2017.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 14:10 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:30	Páxina 11 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA94E-C5DF28-CHB659-2E2RZT-1E9X2S-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		